

A CIG-Ensino gaña unha sentenza que obriga a Clece a pagarlle un incremento salarial do 3,7% ao persoal do Souto de Leixa



A empresa Clece, que xestiona o centro de atención a persoas con discapacidade Souto de Leixa, en Ferrol, terá que abonarlle ao seu persoal **un incremento do 3,7% sobre o seu salario en concepto de complemento de desenvolvemento profesional**. Así o determina a sentenza do Tribunal Superior gañada pola CIG-Ensino, que anula o recurso de casación interposto pola empresa contra unha resolución anterior do TSXG.

Desde a CIG-Ensino explican que esa sentenza previa condenaba a Clece a pagar un incremento do 3,7% por non ter feita a catalogación dos postos de traballo e a avaliación respectiva necesaria “en tempo e forma”, como se indicaba no XIV convenio colectivo deste tipo de centros.

Pola contra, denuncian, a empresa aplicoulles un incremento do 1.9%, que é a contía que corresponde cando a avaliación se fai cada 2 anos. “Como a empresa non fixo os deberes correctamente, a

sentenza obríga a pagar a diferenza a todos e cada un dos traballadores e traballadoras que están recibindo este complemento salarial de xeito incompleto, saltándose as disposicións que para os efectos figuran no convenio aplicábel”, explica a secretaria comarcal de Ensino, Antonia Martínez.

Desde a CIG-Ensino de Ferrolterra felicitan a todo o persoal do Souto de Leixa por este logro “tan necesario para os seus salarios e para a súa dignidade profesional”, e agradecen a súa espera, xa que a sentenza do TS pecha dous anos de litixio.

A central sindical subliña que con loita e con decisión “podemos ser capaces de reverter todas aquelas situacións de inxustiza laboral e de precariedade laboral que nos atopamos día a día. E para nós como sindicato é unha inxección de ánimo e de moral para seguir na loita polas melloras sociais e laborais deste colectivo”, sentenciou Antonia Martínez.